- Limpeza e mantemento de áreas recreativas, xardíns, etc.
- Recollida e outras labores de limpeza e recollida de residuos.
- Reforzar tarefas de reparación e mantemento das zoas urbanas e municipais.
- Cantas outras funcións lle sexan encomendadas polos órganos municipais competentes.

4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.-

As persoas interesadas en tomar parte nesta convocatoria deberán reunir antes de que remate o prazo de presentación de instancias os seguintes requisitos:

- Ser español/a ou cidadán/cidadá de países membros da Unión Europea.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto. No caso de ser seleccionado para o posto, acreditar mediante certificación médica oficial ou informe médico.
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado/a para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial nin para o exercicio das funcións correspondentes, situación que, no caso de ser seleccionado/a para o posto deberá acreditarse mediante declaración formal e solemne baixo xuramento ou promesa.
- Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/84, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, situación que, de ser seleccionado/a para o posto acreditarase mediante declaración solemne e formal baixo xuramento ou promesa.

5.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN.-

5.1.- FORMA, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.-

As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán dirixir a súa solicitude á Alcaldía do Concello do Incio, conforme ao modelo previsto no Anexo I. As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, en horarios de oficina, ou por calquera dos sistemas recoñecidos na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común, no prazo de oito (8) días naturais dende o seguinte ao da publicación do extracto desta

5.2.- DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR COA SOLICITUDE.-

Xunto coa solicitude deberase achegar a seguinte documentación:

- a) Fotocopia compulsada do DNI.
- b) Documentación que acredite os méritos que desexen alegar en relación coas funcións do posto para a súa valoración polo tribunal. (fotocopias compulsadas).

6.- LISTA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS.-

Finalizado o prazo de presentación de instancias publicarase no taboleiro de anuncios do Concello a relación de admitidos e excluídos.

As persoas que resulten excluídas poderán presentar reclamación no prazo de tres (3) días hábiles. De non formularse reclamación que supoña modificación da lista de admitidos e excluídos efectuaranse as correccións pertinentes e faranse públicas a través do Taboleiro de Anuncios da Corporación e da páxina web (www.concellodoincio.com).

Na mesma resolución farase pública a constitución da Comisión de Selección e o día e hora sinalados para o inicio do proceso selectivo.

Igualmente, no citado Taboleiro de anuncios, faranse públicos as datas, lugar e resultados das probas que se realicen así como tódolos anuncios derivados da convocatoria deste proceso selectivo.

7.-MODO DE ACREDITACIÓN DE MÉRITOS:

Os participantes no proceso presentarán as xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación cos empregos que se convocan, mediante:

- Certificación de servizos prestados expedida polo correspondente Organismo Oficial, certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social acompañada dos contrato/s de traballo inscrito/s no SPEE (Servizo Público de Emprego Estatal) ou nóminas se os servizos se prestaron en empresas privadas, nos que se poida comprobar que as funcións ou tarefas realizadas se corresponden coas do posto e os períodos traballados.
- Copia autenticada da/s titulación/s, cursos, ...
- Currículo debidamente documentado e acreditado, ou calquera outro documento que probe de xeito indubidable o contido deste.
- Certificado de períodos de inscrición emitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Copia compulsada do carné de conducir-

Os méritos deberán posuírse e acreditarse na data do comezo do sistema selectivo. Non se valorarán aqueles que non estean suficientemente acreditados documentalmente.

8.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do EBEP e estará integrado por 5 membros titulares e suplentes: Presidente, 3 Vogais e 1 Secretario, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes.

A pertenza aos Órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constitúan o Tribunal Cualificador, realizarase polo Sr. Alcalde do Concello, debendo posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ao emprego que se convoca.

A composición do Tribunal publicarase no Taboleiro de edictos do xunto coa data da realización da proba práctica.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores naquelas probas que demanden oír a opinión de técnicos especialistas, así como dos colaboradores en tarefas de vixilancia e control de desenvolvemento dos diferentes exercicios.

Pagamento de asistencias e indemnizacións. Os membros do Tribunal, así como os asesores e colaboradores terán dereito pola súa concorrencia ás sesións ao pagamento de asistencias, gastos de desprazamentos e de manutención, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta vixentes na data da realización das probas.

9.- CITACIÓN AOS MEMBROS DO TRIBUNAL E ÁS PERSOAS ASPIRANTES PARA A LEVAR A CABO O PROCESO SELECTIVO.

A citación ao Tribunal e ás persoas aspirantes para a realización da proba da fase de oposición e da entrevista deberá publicarse no Taboleiro de anuncios e na páxina web cunha antelación mínima de 48 horas á hora da súa celebración.

As persoas aspirantes presentaranse ás probas provistas do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, podendo ser requiridos en calquera momento polo Tribunal.

10.- O SISTEMA DE SELECCIÓN:

O sistema de selección será o de concurso-oposición.

10.1.- FASE DE OPOSICIÓN.

10.1.1.- PROBA PRÁCTICA

Realizarase un suposto que permita valorar a aptitudes e actitudes dos/as aspirantes en relación co desempeño das funcións do emprego convocado. Esta proba práctica poderá consistir na realización material ou na exposición do itinerario ou protocolo a seguir para o desenvolvemento das funcións e tarefas que conformen o contido do devandito emprego. Igualmente, poderá consistir na realización dun exercicio tipo test sobre contidos exclusivamente prácticos relacionados coa realización das devanditas funcións e tarefas.

Tamén poderase realizar exercicios consistentes no manexo de máquinas, ferramentas e/ou equipos para a realización dos traballos que correspondan coas funcións do posto.

Será, de carácter eliminatoria, valorarase ata un máximo de 30 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo 15 puntos.

10.2.- FASE DE CONCURSO.-

10.2.1.- BAREMO DE MÉRITOS:

OS ASPIRANTES QUE SUPEREN A FASE DE OPOSICIÓN PARTICIPARÁN NA FASE DE CONCURSO NA QUE SE VALORARÁN OS SEGUINTE MÉRITOS:

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL: Valorarase a experiencia profesional ata un máximo de 5 puntos.

A.1) Desempeñar ou ter desempeñado o emprego ou similar ao que se convoca, ou realizar as funcións deste, na Administración Pública, ou Organismos Autónomos de carácter administrativo dependentes desta:

- No caso que se desempeñe o mesmo emprego, valorarase a razón de 0,40 puntos por mes.
- Se o emprego se considera similar, a puntuación será de 0,15 puntos por mes. Entenderase por emprego similar aquel que conteña algunha das funcións do emprego que se convoca ou funcións similares dentro dunha área de actividade.

A.2) Cando a experiencia profesional acreditada fose desempeñada en Entidades Privadas.

- No caso que se desempeñe o mesmo emprego, valorarase a razón de 0,25 puntos por mes.
- Se o emprego se considera similar, a puntuación será de 0,10 por mes.

B) FORMACIÓN: cursos, estudos, xornadas relacionadas coas funcións do emprego ao que se opta: fontanería, xardinaría, albanelería, manexo de maquinaria agrícola, prevención de riscos e calquera outro que o Tribunal de Selección estime relacionados coas funcións do posto:

Valoraranse seguindo a seguinte táboa ata un máximo de 3 puntos.

ACCIÓN FORMATIVA	PUNTUACIÓN POR HORA
Asistencia.	0,010
Aproveitamento.	0,015

Acreditarase este mérito coa presentación de fotocopia compulsada do correspondente diploma ou certificado da actividade formativa. Documento no que figurará a duración, en número de horas, das correspondentes accións formativas.

C) CARNÉ DE CONDUCIR: Valoraranse seguindo a seguinte táboa ata un máximo de 3 puntos.

Tipo de carné	PUNTUACIÓN
B1	1
C1	3

D) IDIOMA GALEGO: A puntuación máxima neste apartado será de 1 punto.

- CELGA 3, curso de iniciación e equivalentes: 0,50 puntos.
- CELGA 4, curso de perfeccionamento e equivalentes: 1 punto.

Non poderán, en ningún caso, acumularse as puntuacións polos distintos cursos, puntuándose, en consecuencia, polo curso de nivel superior. Tampouco se puntuará como mérito o Nivel mínimo esixido de CELGA 2.

Só se lle concederá validez, polo que á acreditación do idioma galego se refire, aos cursos ou titulacións homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Este mérito poderase acreditar mediante fotocopia compulsada do diploma ou certificación do cursos ou titulación.

PROBA DE GALEGO.

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:

"[...] para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega."

Aquelas persoas aspirantes que non acrediten o nivel de galego CELGA 2 deberán realizar esta proba que consistirá na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán.

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e cualificarase con apto ou non apto.

E) ENTREVISTA CURRICULAR:

Valorarase ata un máximo de 3 puntos.

A entrevista curricular consistirá na contestación por parte dos/as aspirantes ás preguntas formuladas polos membros da Comisión de Selección co gallo de afondar unicamente en cuestión curriculares, para clarificar a traxectoria profesional e a súa relación co perfil do posto para o que se desenvolve o proceso selectivo de cara a identificar a idoneidade dos candidatos/as.

11.- CUALIFICACIÓN FINAL: A cualificación final determinarase pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e nos distintos apartados do concurso de méritos, establecendo a orde definitiva de aspirantes seleccionados.

No suposto de empate nas puntuacións cualificacións finais, tendo en conta o artigo 37 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, cando nun determinado corpo, escala, grupo ou categoría da Administración Pública Galega se verificará a infrarepresentación do sexo feminino, o empate resolverase a favor da muller.

No resto de suposto o empate resolverase acudindo á maior puntuación obtida primeiro na proba teórica, segundo na proba práctica, terceiro na orde dos distintos apartados do baremo, cuarto na entrevista, e se persiste o empate procederase a realizar un sorteo público.

12.- PROPOSTA DE SELECCIÓN: O Presidente do Tribunal de Selección, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de constitución da Listaxe de Emprego Temporal, en orde decrecente segundo a puntuación obtida polos aspirantes, ante a Sra. Alcaldesa- Presidenta, que será publicada no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web (www.concellodoincio.com).

13.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA INCORPORARSE Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS NOS CHAMAMENTOS QUE SE REALICEN AOS INTEGRANTES DA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL.

As persoas seleccionadas presentarán os seguintes documentos mediante copias compulsadas ou, se é o caso, orixinais:

- a) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións a desempeñar que se sinalan nas bases específicas.
- b) Declaración xurada de non ter sido separada/o do servizo das administracións públicas e non estar incurso/o nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- c) Fotocopia compulsada da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.
- d) No caso de ter a condición de discapacitada/os deberá presentar a certificación acreditativa do grado de discapacidade, tendo facultade a Entidade para que solicite ao órgano competente a compatibilidade para desempeño funcional da praza/posto/emprego.

Lugar de presentación. Os devanditos documentos presentaranse polos mecanismos establecidos na base 5.1.

Prazo de presentación. O prazo de presentación será de 5 días naturais contados a partir do día seguinte ao chamamento para a contratación, prazo que poderá ampliarse cando as persoas seleccionadas acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade.

Nos supostos de urxencia, poderase proceder, de forma inmediata, á formalización do correspondente contrato laboral temporal; quedando as persoas seleccionadas obrigadas a aportar a mencionada documentación.

En todo caso no prazo de 10 días naturais, computados dende a data da sinatura do citado contrato, as persoas seleccionadas estarán obrigadas a presentar a devandita documentación, xa que no caso contrario, procederíase ao seu cesamento automático, agás en supostos de forza maior.

As persoas que figuran na proposta do Tribunal para incorporarse a modalidade de listaxe temporal que corresponda non presentarán a documentación ata que se faga o chamamento para incorporarse a prestación de servizos.

15.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICCIÓN: No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local, e demais normas que resulten de aplicación. En canto a posibilidade de dirimir as controversias que se produzan na aplicación daqueles instrumentos normativos serán competentes aos órganos pertencentes á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

16.- RECURSOS: Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía do Concello do Incio, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación Reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

ANEXO:**MODELO OFICIAL DE SOLICITUDE PARA PARTICIPAR EN PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL TEMPORAL****DATOS DA PRAZA / POSTO / EMPREGO QUE SOLICITO:**

DENOMINACIÓN:	
ADSCRICIÓN:	
RÉXIME XURÍDICO:	
DATA PUBLICACIÓN CONVOCATORIA BOP:	

DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NOME:
DNI:	TELÉFONO PARTICULAR:	TELÉFONO MÓBIL:
DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:	MUNICIPIO E PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:
CORREO ELECTRÓNICO:		

EXPOÑO:

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases xerais e específicas:

- Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.
- Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima establecida para a xubilación forzosa.
- Posuír a capacidade física e psíquica necesaria para o exercicio das correspondentes funcións.
- Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública.

SOLICITO:

- Ser admitido para participar no procedemento selectivo.

Marcar en caso afirmativo:

- A exención de realizar a proba de galego por posuír o nivel esixido nas Bases.
- A adaptación das probas que se sinalan a continuación, por acreditar unha discapacidade igual ou superior ao 33% e o motivo da discapacidade:

Descrición proba e adaptación solicitada.

..... de de

(Sinatura)

Á ALCALDÍA DO CONCELLO DE O INCIO

B) FORMACIÓN COMPLEMENTARIA: CURSOS, XORNADAS E SIMILARES .

ASISTENCIA.		
Nº ORDE.	DENOMINACIÓN DA ACCIÓN FORMATIVA.	Nº HORAS.
1		
2		
3		
4		
5		
6		
7		
8		
9		
10		

APROVEITAMENTO.		
Nº ORDE.	DENOMINACIÓN DA ACCIÓN FORMATIVA.	Nº HORAS.
1		
2		
3		
4		
5		
6		

C) CARNÉ DE CONDUCIR

	TIPO

D) IDIOMA GALEGO

NºORDE.	DENOMINACIÓN DA ACCIÓN FORMATIVA OU TITULACIÓN.
1	
2	
3	
4	

....., de de 20....

O/A SOLICITANTE,

Asdo.:

O Incio, 4 de febreiro de 2019 - A ALCALDESA, Laura Celeiro García

R. 0335

LÁNCARA

Anuncio

O Pleno do Concello de Lán cara en sesión ordinaria realizada o 29/11/2018 acordou aprobar inicialmente o regulamento de control interno simplificado do Concello de Lán cara. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de Lugo de 14/12/218 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe:

REGULAMENTO DE CONTROL INTERNO SIMPLIFICADO DO CONCELLO DE LÁNCARA

ÍNDICE DE ARTIGOS.

TITULO I. Disposicións Comúns

ARTIGO 1. Obxecto e ámbito de aplicación

ARTIGO 2. Atribución da función de control

ARTIGO 3. Formas de exercicio

ARTIGO 4. Principios de exercicio do control interno

ARTIGO 5. Dos deberes do órgano de control

ARTIGO 6. Das facultades do órgano de control

TÍTULO II. Da función interventora

CAPÍTULO I. Do exercicio da función interventora

ARTIGO 7. Das distintas fases da función interventora

ARTIGO 8. Do contido da función interventora

CAPÍTULO II. Do procedemento para o exercicio da función interventora sobre os dereitos e ingresos

ARTIGO 9. Fiscalización previa de dereitos e ingresos

CAPÍTULO III. Do procedemento para o exercicio da función interventora sobre gastos e pagos

SECCIÓN 1.ª Disposicións comúns

ARTIGO 10. Momento e prazo para o exercicio da función interventora

ARTIGO 11. Fiscalización de conformidade

ARTIGO 12. Fiscalización con Reparos

ARTIGO 13. Tramitación de Discrepancias

SECCIÓN 2.ª Réxime especial de fiscalización e intervención limitada previa

ARTIGO 14. Réxime de fiscalización e intervención limitada previa de requisitos básicos

ARTIGO 15.- Comprobación de requisitos básicos

ARTIGO 16. Reparos e observacións complementarias na fiscalización e intervención limitada previa

SECCIÓN 3.ª Da fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto

ARTIGO 17. Réxime xeral

ARTIGO 18. Exención de fiscalización previa

SECCIÓN 4.ª Da intervención previa do recoñecemento da obriga ción e da investimento

ARTIGO 19. Intervención da liquidación do gasto

ARTIGO 20. Contido das comprobacións

ARTIGO 21. Intervención material da investimento

SECCIÓN 5.ª Da intervención formal e material do pago

ARTIGO 22. Da intervención formal do pago

ARTIGO 23. Conformidade e reparo

ARTIGO 24. Da intervención material do pago

SECCIÓN 6.ª Da fiscalización previa das ordes de pago a xustificar e anticipos de caixa fixa

ARTIGO 25. Fiscalización previa das ordes de pago a xustificar

ARTIGO 26. Fiscalización previa das ordes de pago de anticipos de caixa fixa

ARTIGO 27. Especialidades en canto ao réxime dos reparos

ARTIGO 28. Intervención das contas xustificativas dos pagos para xustificar e anticipos de caixa fixa

SECCIÓN 7.ª Da omisión da función interventora

ARTIGO 29. Da omisión da función interventora

TITULO III. DO CONTROL FINANCEIRO

CAPITULO I Disposicións xerais

ARTIGO 30. Obxecto, forma de exercicio e alcance

ARTIGO 31. Actuacións de control financeiro

ARTIGO 32. Colaboración nas actuacións de auditoría pública

CAPITULO II Do resultado do control financeiro

ARTIGO 33. Informes de control financeiro

ARTIGO 34. Destinatarios dos informes de control financeiro

ARTIGO 35. Informe resumen

ARTIGO 36. Destinatarios do informe resumen

ARTIGO 37. Plan de acción

REGULAMENTO POLO QUE SE DESENVOLVE O RÉXIME DE CONTROL INTERNO SIMPLIFICADO DO CONCELLO DE LÁNCARA

O control interno, regulado no artigo 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e desenvolto polo Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, é o exercido nas Entidades Locais respecto da súa xestión económica, e, no seu caso, a dos organismos autónomos e das sociedades mercantís delas dependentes, na súa tripla acepción de función interventora, control financeiro e controis de eficacia e eficiencia.

De acordo co recolleito no artigo 3 do referido Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local e en consonancia co establecido no artigo 214 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, o obxecto da función interventora será controlar os actos da Entidade Local e dos seus organismos autónomos, calquera que sexa a súa cualificación, que dean lugar ao recoñecemento de dereitos ou á realización de gastos, así como os ingresos e pagos que deles se deriven, e o investimento ou aplicación en xeral dos seus fondos públicos, co fin de asegurar que a súa xestión se axusta ás disposicións aplicables en cada caso.

Pola súa banda, de conformidade co disposto no artigo 29 do referido Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, o obxecto do control financeiro, exercido mediante control permanente e auditoría pública, será verificar o funcionamento dos servizos, e organismos autónomos, no aspecto económico financeiro para comprobar o cumprimento da normativa e directrices que os rexen e, en xeral, que a súa xestión se axusta aos principios de boa xestión financeira, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira no uso dos recursos públicos locais.

Con todo, de acordo co artigo 39 e seguintes do citado Real Decreto 424/2017, do 28 de abril e en atención á heteroxeneidade que impera no ámbito local, as Entidades Locais que se atopen incluídas no ámbito de aplicación do modelo simplificado de contabilidade local, como é o caso desta Corporación, poderán igualmente elixir aplicar un réxime de control simplificado, de xeito que, exercerán plenamente o exercicio da función interventora, sendo potestativo o control financeiro, coa soa obrigación de levar a cabo a auditoría de contas anual e aquelas actuacións que deriven dunha obriga legal.

A citada normativa débese considerar de mínimos, reguladora do réxime xeral aplicable ao exercicio do control interno nas Entidades Locais.

Neste senso, e do mesmo xeito que procede a Administración Xeral do Estado a través da súa Intervención Xeral, establécese polo Pleno da Entidade e mediante o presente Regulamento, as normas básicas para o adecuado

exercicio das funcións do control interno e a elección do réxime de control simplificado recollidos no Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local; atendendo sempre ao principio de plena autonomía dos órganos de control respecto das autoridades e órganos controlados.

Así, co fin de dispoñer dun modelo de control eficaz en virtude do artigo 3.3 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, e en virtude do principio de autoorganización e potestade regulamentaria recoñecido no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril ás Entidades Locais territoriais, co presente Regulamento esta Entidade Local pretende a mellora nos mecanismos de xestión e control interno, en aras dunha maior eficacia.

TITULO I. DISPOSICIÓNS COMÚNS

ARTIGO 1.- Obxecto e ámbito de aplicación.

Constitúe o obxecto desta norma a regulación das funcións de control interno respecto da xestión económico-financeira e os actos con contido económico desta Corporación, en base aos preceptos sobre control e fiscalización contidos no capítulo IV correspondente ao título V do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

Así, o presente Regulamento será de aplicación a esta Corporación e os seus Organismos Autónomos Locais, Entidades Públicas Empresariais Locais, Sociedades Mercantís e fundacións dependentes, consorcios adscritos, fondos carentes de personalidade xurídica e entidades con ou sen personalidade xurídica con dotación maioritaria distintas das anteriores.

ARTIGO 2.- Atribución das funcións de control.

As funcións de control interno dos entes enumerados no artigo anterior, exerceranse pola Intervención mediante o exercicio da función interventora e o control financeiro coa extensión e efectos que se determinan nos artigos seguintes.

ARTIGO 3.- Formas de exercicio.

1. A función interventora ten por obxecto controlar os actos da Entidade Local e dos seus organismos autónomos, calquera que sexa a súa cualificación, que dean lugar ao recoñecemento de dereitos ou á realización de gastos, así como os ingresos e pagos que deles se deriven, e o investimento ou aplicación en xeral dos seus fondos públicos, co fin de asegurar que a súa xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

2. O control financeiro ten por obxecto verificar o funcionamento dos servizos, organismos autónomos e sociedades mercantís dependentes, no aspecto económico financeiro para comprobar o cumprimento da normativa e directrices que os rexen e, en xeral, que a súa xestión se axusta aos principios de boa xestión financeira, comprobando que a xestión dos recursos públicos se atopa orientada pola eficacia, a eficiencia, a economía, a calidade e a transparencia, e polos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira no uso dos recursos públicos locais.

Este control financeiro, por aplicarse nesta Corporación o réxime de control simplificado recollido no artigo 39 e seguintes do citado Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, exercerase de maneira potestativa, coa soa obrigaçión de levar a cabo a auditoría de contas anual e aquelas actuacións que deriven dunha obrigaçión legal.

3. Do mesmo xeito corresponde á Intervención a elaboración e aprobación das Instrucións necesarias para o adecuado exercicio das funcións de control interno; e de maneira particular, a determinación dos métodos, forma e alcance tanto do control posterior pleno en supostos de fiscalización previa limitada de gastos, como do control financeiro en supostos de fiscalización posterior de ingresos.

ARTIGO 4. Principios de exercicio do control interno.

1. A Intervención, no exercicio das súas funcións de control interno, estará sometida aos principios de autonomía funcional e procedemento contraditorio.

2. O órgano interventor exercerá o control interno con plena autonomía respecto das autoridades e demais entidades cuxa xestión sexa o seu obxecto. A tales efectos, os funcionarios que o realicen, terán independencia funcional respecto dos titulares das entidades controladas.

Aínda que se deberá dar conta aos órganos de xestión controlados dos resultados máis relevantes tras as comprobacións efectuadas e recomendará as actuacións que resulten aconsellables. De igual modo, dará conta ao Pleno dos resultados que pola súa especial transcendencia considere adecuado elevar ao mesmo e informarlle sobre a situación da corrección das debilidades postas de manifesto con expresa mención do grao de cumprimento dos apartados anteriores deste artigo.

ARTIGO 5. Dos deberes do órgano de control.

1. Os funcionarios que exerzan a función interventora ou realicen o control financeiro, deberán gardar o debido sigilo con relación aos asuntos que coñezan no desempeño das súas funcións.

Así, os datos, informes ou antecedentes obtidos no exercicio do control interno só poderán utilizarse para os fins asignados ao mesmo e, no seu caso, para formular a correspondente denuncia de feitos que poidan ser constitutivos de infracción administrativa, responsabilidade contable ou penal.

Igualmente deberá facilitar o acceso aos informes de control naqueles casos nos que legalmente proceda. En cuxo defecto de previsión legal, a solicitude dos mesmos deberá dirixirse directamente ao xestor directo da actividade económico-financieira controlada.

2. Cando na práctica dun control o órgano interventor actuante aprecie que os feitos acreditados ou comprobados puidesen ser susceptibles de constituír unha infracción administrativa ou dar lugar á esixencia de responsabilidades contables ou penais poñerá en coñecemento do órgano competente, de acordo coas regras que se establecen no artigo 5.2 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

ARTIGO 6. Das facultades do órgano de control.

O órgano interventor poderá facer uso no exercicio das súas funcións de control, do deber de colaboración, da facultade de solicitar asesoramento, da defensa xurídica e da facultade de revisión dos sistemas informáticos de xestión; así como solicitar directamente das distintas áreas ou unidades da Entidade Local os asesoramentos xurídicos e os informes técnicos que considere necesarios, os antecedentes e documentos precisos para o exercicio das súas funcións de control interno, con independencia do medio que os soporte.

Igualmente poderán solicitar a través da alcaldía, o asesoramento e informe dos Servizos de Asistencia Municipal e dos órganos competentes da Deputación Provincial, ou solicitar o asesoramento da Intervención Xeral da Administración do Estado coa subscrición do correspondente Convenio.

TÍTULO II. DA FUNCIÓN INTERVENTORA

CAPÍTULO I. Do exercicio da función interventora.

ARTIGO 7. Das distintas fases da función interventora.

1. A función interventora ten carácter interno e preventivo e ten por obxecto garantir, en todo caso e para cada acto, o cumprimento das normas relativas á disciplina orzamentaria, aos procedementos de xestión de gastos, ingresos e aplicación dos fondos públicos.

O exercicio da función interventora comprenderá as seguintes fases:

- a) A fiscalización previa dos actos que recoñezan dereitos de contido económico, autoricen ou aproben gastos, dispoñan ou comprometan gastos e acorden movementos de fondos e valores.
- b) A intervención do recoñecemento das obrigacións e intervención da comprobación material do investimento.
- c) A intervención formal da ordenación do pago.
- d) A intervención material do pago.

2. A función interventora exercerase nas súas modalidades de intervención formal e material.

- A intervención formal consistirá na verificación do cumprimento dos requisitos legais necesarios para a adopción do acordo mediante o exame de todos os documentos que preceptivamente deban estar incorporados ao expediente.

- A intervención material comprobará a real e efectiva aplicación dos fondos públicos.

ARTIGO 8. Do contido da función interventora.

A función interventora exercerase ben como fiscalización previa ben como intervención previa.

A fiscalización previa examinará, antes de que se dite a correspondente resolución, todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos ou obrigacións de contido económico ou movemento de fondos e valores, co fin de asegurar, segundo o procedemento legalmente establecido, a súa conformidade coas disposicións aplicables en cada caso. O exercicio da función interventora non atenderá a cuestións de oportunidade ou conveniencia das actuacións fiscalizadas.

A intervención previa da liquidación do gasto ou recoñecemento de obrigacións comprobará, antes de que se dite a correspondente resolución, que as obrigacións se axustan á lei ou aos negocios xurídicos subscritos polas autoridades competentes e que o acredor cumpriu ou garantiu, no seu caso, a súa correlativa prestación. A intervención da comprobación material do investimento axustarase ao establecido no artigo 29 deste Regulamento.

A intervención formal da ordenación do pago verificará a correcta expedición das ordes de pago.

A intervención material do pago verificará que devandito pago se dispuxo por órgano competente e se realiza en favor do perceptor e polo importe establecido.

CAPÍTULO II. Do procedemento para o exercicio da función interventora sobre os dereitos e ingresos**ARTIGO 9. Fiscalización**

1. A fiscalización previa dos dereitos e ingresos da Tesouraría substitúese polo control inherente á toma de razón en contabilidade e o control posterior exercido mediante o control financeiro, tal e como autoriza o artigo 9 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril.

2. Esta fiscalización exercerase en dous momentos diferentes:

- A toma de razón na contabilidade da Entidade Local ou dos seus organismos autónomos, dos actos xeradores de dereitos e ingresos na Tesouraría.

- Mediante actuacións de control financeiro que deben realizarse con carácter posterior.

3. A toma de razón de contabilidade efectuarase á vista de toda operación de xestión económico-orzamentaria, mediante a incorporación ao sistema de información contable a través dos documentos contables correspondentes.

Así, cada área ou servizo da Entidade Local iniciará o correspondente expediente que fará chegar a Intervención seguindo o iter procedimental habitual para a súa toma de razón en contabilidade.

O órgano interventor efectuará a verificación e contabilización dos documentos contables no prazo de 10 días hábiles desde que os mesmos cheguen ás dependencias. A estes efectos, o cómputo do prazo citado iniciárase o día seguinte á data de recepción dos documentos contables e unha vez se dispoña da totalidade dos documentos necesarios, debendo efectuarse nas fases:

- O recoñecemento de dereitos (fase contable “DR”).

- A recadación e ingreso de fondos públicos (fase contable “I”).

4. O exercicio do control posterior ou financeiro levarase a cabo mediante técnicas de auditoría e mostraxe.

4.1.- Estas actuacións comprobatorias posteriores teñen por finalidade asegurar que a xestión económico-financiera dos dereitos e ingresos públicos se axustan ás disposicións aplicables en cada caso.

As actuacións para levar a cabo deberán verificar en calquera caso:

- O cumprimento da legalidade tanto nos procedementos de xestión que desen lugar ao recoñecemento, liquidación, modificación ou extinción de dereitos, como na realización de calquera ingreso público.

- Que o dereito económico é recoñecido e liquidado polo órgano competente e de acordo coas normas en cada caso aplicables.

- Que o importe é o correcto, tendo en conta as posibles causas da modificación do mesmo, como os adiamentos e fraccionamentos das débedas liquidadas ou os feitos que poidan dar lugar á extinción do dereito.

- Que os ingresos se realizaron nas caixas ou contas correntes das entidades de depósito debidamente autorizadas, dentro dos prazos legalmente establecidos e pola contía debida.

- Que o pagador é o correcto, examinando, no seu caso, os supostos de derivación de responsabilidade.

- Que todos os dereitos e/ou operacións susceptibles de ser contabilizadas estean no concepto adecuado e polo importe correcto.

Ademais dos extremos detallados no parágrafo anterior, para os seguintes casos deberá verificarse igualmente:

a) Reintegro de Pagos Indebidos:

- Que os motivos e a súa procedencia son correctos, detallando operación, motivo, importe e unidade ou área xestora.

b) Taxas ou Prezos Públicos por prestación de servizos ou realización dunha actividade:

- Que a prestación do servizo ou realización de actividade está efectivamente autorizada polo órgano competente.

- Que as liquidacións e/ou autoliquidacións se corresponden cos suxeitos pasivos que realizaron de forma efectiva o feito impositivo.

c) Taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público:

- Que a utilización ou aproveitamento están efectivamente autorizadas polo órgano competente.

- Que as liquidacións e/ou autoliquidacións correspóndense cos suxeitos pasivos que realizaron de forma efectiva o feito impositivo.

d) Fianzas:

- Que se distingan nos diferentes conceptos de fianzas, tanto o terceiro como o importe entregado polos mesmos como garantía.

- Que as que se constitúen como garantías definitivas se depositen con anterioridade á firma do contrato e que as garantías provisionais se devolvan simultánea ou posteriormente ao depósito das definitivas ou se devolven en caso de non adxudicación.

4.2.- Dita verificación realizarase sobre unha mostra representativa dos actos, documentos ou expedientes de contido económico, orixe do recoñecemento ou liquidación de dereitos.

Como norma xeral, determinaranse os expedientes que se han de examinar mediante a aplicación dos procedementos de mostraxe ou métodos de selección de mostras que se establecen a continuación, de acordo con Norma Internacional de Auditoría 530, Mostraxe de Auditoría, NIA-É 530 (adaptada para a súa aplicación en España mediante Resolución do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, do 15 de outubro de 2013).

4.3.- Das comprobacións efectuadas con posterioridade o órgano interventor deberá emitir informe escrito no que fará constar cantas observacións e conclusións se deduzan das mesmas.

5. Sen prexuízo do establecido nos apartados anteriores, a substitución da fiscalización previa dos dereitos e ingresos da Tesourería polo control inherente á toma de razón en contabilidade e o control posterior non alcanzará á fiscalización de:

a) Os actos de ordenación e pago material derivados de devolucións de ingresos indebidos.

Consecuentemente, nestes supostos, a función interventora en materia de devolución de ingresos indebidos só alcanza á fase de pago do devandito procedemento, a ordenación do pago e pago material, que se fiscalizarán conforme ao que se establece no presente Regulamento respecto do exercicio da función interventora sobre os gastos e pagos; non estando suxeito ao exercicio da devandita función o acto do recoñecemento do dereito á devolución.

b) Os actos de aprobación de padróns, matrículas e listas cobratorias (non así os ingresos de contraído previo por recibo derivados da xestión cobratoria dos mesmos).

Esta fiscalización nestes casos realizarase con ocasión da aprobación do correspondente expediente.

Nestes supostos verificarase en todo caso:

- A adecuación dos mesmos ás Ordenanzas Fiscais en vigor e demais normativa de aplicación.

- A correcta determinación das cotas. En caso de liquidación de cotas de Contribucións Especiais, que as cotas individuais se realizou atendendo ao custo das obras e servizos, cantidade a repartir e criterios de repartición definidos no acordo de Imposición e Ordenación correspondente.

- A correcta aplicación dos tipos impositivos que correspondan.

- A inclusión e aplicación das exencións e bonificacións que correspondan.

- Que o órgano competente para a súa aprobación é o adecuado.

c) Ingresos específicos singulares, tales como os subsumibles en materia de subvencións ou transferencias casuísticas, sexan correntes ou de capital (que non sexan reiterativas ou preestablecidas legalmente como a participación de Tributos do Estado), os ingresos procedentes de operacións financeiras de calquera xénero, os procedentes de convenios de calquera clase, de alleamento de investimentos reais e máis xenericamente os ingresos afectados a proxectos de gasto.

Esta fiscalización exercerase en función da correspondente fase do procedemento sobre dereitos e ingresos nas que se atope o expediente:

- O recoñecemento de dereitos (fase contable “DR”).

- A recadación e ingreso de fondos públicos (fase contable “I”).

Nestes supostos verificarase en todo caso:

- O cumprimento da legalidade nos procedementos tanto de recoñecemento, liquidación, modificación ou extinción de dereitos, como na realización do ingreso.

- Que o dereito económico é recoñecido e liquidado polo órgano competente e de acordo coas normas en cada caso aplicables.

- Que o importe é o correcto, tendo en conta as posibles causas da modificación do mesmo, como os adiamentos e fraccionamentos das débedas liquidadas ou os feitos que poidan dar lugar á extinción do dereito.

- Que os ingresos se realizaron nas caixas ou contas correntes das entidades de depósito debidamente autorizadas, dentro dos prazos legalmente establecidos e pola contía debida.

- Que o pagador é o correcto.

- Que todos os dereitos e ingresos están contabilizados no concepto adecuado e polo importe correcto.

6. No caso de que no exercicio da función interventora, o órgano interventor se manifeste en desacordo co fondo ou coa forma dos actos, documentos ou expedientes examinados e a desconformidade se refira ao recoñecemento ou liquidación de dereitos a favor das Entidades Locais ou os seus organismos autónomos, así como á anulación de dereitos, a oposición formalizarase en nota de reparo que en ningún caso suspenderá a tramitación do expediente.

CAPÍTULO III. Do procedemento para o exercicio da función interventora sobre gastos e pagos

SECCIÓN 1.ª Disposicións comúns

ARTIGO 10. Momento e prazo para o exercicio da función interventora.

O órgano interventor recibirá o expediente orixinal completo, unha vez reunidos todos os xustificantes e emitidos os informes preceptivos, e cando estea en disposición de que se dite acordo polo órgano competente.

A fiscalización do mesmo efectuarase no prazo de dez días hábiles. Este prazo reducirase a cinco días hábiles cando se declarou urxente a tramitación do expediente ou se aplique o réxime especial de fiscalización e intervención previa regulada nos artigos 14 e 15 deste Regulamento.

A estes efectos, o cómputo dos prazos citados anteriormente iniciárase o día seguinte á data de recepción do expediente orixinal e unha vez se dispoña da totalidade dos documentos.

Cando o Interventor faga uso da facultade a que se refire o artigo 5.1 deste Regulamento suspenderase o prazo de fiscalización previsto neste artigo e quedará obrigado a dar conta da devandita circunstancia á área ou unidade xestora.

ARTIGO 11. Fiscalización de conformidade.

Se o Interventor como resultado da verificación dos extremos aos que se estenda a función interventora considera que o expediente obxecto de fiscalización ou intervención se axusta á legalidade, fará constar a súa conformidade mediante unha dilixencia asinada sen necesidade de motivala.

ARTIGO 12. Fiscalización con Reparos.

1. Se o Interventor se manifestase en desacordo co fondo ou coa forma dos actos, documentos ou expedientes examinados, deberá formular os seus reparos por escrito.

Devanditos reparos deberán ser motivados con razoamentos fundados nas normas nas que se apoie o criterio sustentado e deberán comprender todas as obxeccións observadas no expediente.

2. Serán reparos suspensivos cando afecte á aprobación ou disposición de gastos, recoñecemento de obrigacións ou ordenación de pagos, suspenderase a tramitación do expediente ata que aquel sexa liquidado nos seguintes casos:

a) Cando se base na insuficiencia de crédito ou o proposto non sexa adecuado.

b) Cando non fosen fiscalizados os actos que deron orixe ás ordes de pago.

c) Nos casos de omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais:

- Cando o gasto se propoña a un órgano que careza de competencia para a súa aprobación.

- Cando se aprecien graves irregularidades na documentación xustificativa do recoñecemento da obrigación ou non se acredite suficientemente o dereito do seu perceptor.

- Cando se omitisen requisitos ou trámites que puidesen dar lugar á nulidade do acto, ou cando a continuación da xestión administrativa puidese causar quebrantos económicos á Tesourería da Entidade Local ou a un terceiro.

- No seu caso, os que o Pleno da Entidade, previo informe do órgano interventor, aprobe como requisitos ou trámites esenciais.

d) Cando o reparo derive de comprobacións materiais de obras, subministracións, adquisicións e servizos.

3. Cando o órgano ao que se dirixa o reparo o acepte, deberá emendar as deficiencias observadas e remitir de novo as actuacións ao órgano interventor no prazo de quince días.

Cando o órgano ao que se dirixa o reparo non o acepte, iniciará o procedemento de Resolución de Discrepancias descrito no artigo seguinte.

4. No caso de que os defectos observados no expediente derivasen do incumprimento de requisitos ou trámites non esenciais nin suspensivos, o Interventor poderá fiscalizar favorablemente, quedando a eficacia do acto condicionada á corrección dos devanditos defectos con anterioridade á aprobación do expediente.

O órgano xestor remitirá ao órgano interventor a documentación xustificativa de emendarse devanditos defectos.

De non liquidarse polo órgano xestor os condicionamentos indicados para a continuidade do expediente considerárase formulado o correspondente reparo, sen prexuízo de que nos casos nos que considere oportuno, poderá iniciar o procedemento de Resolución de Discrepancias descrito no artigo 13.

5. As resolucións e os acordos adoptados que sexan contrarios aos reparos formulados remitiranse ao Tribunal de Contas de conformidade co artigo 218.3 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

ARTIGO 13. Tramitación de Discrepancias.

1. Sen prexuízo do carácter suspensivo dos reparos, as opinións do órgano interventor respecto ao cumprimento das normas non prevalecerán sobre as dos órganos de xestión.

Os informes emitidos por ambos se terán en conta no coñecemento das discrepancias que se expoñan, as cales serán resoltas definitivamente polo Presidente da Entidade ou o Pleno, de acordo co disposto no apartado seguinte.

2. Cando o órgano xestor non acepte o reparo formulado polo órgano interventor no exercicio da función interventora exporá ao Presidente da Entidade unha discrepancia.

Con todo, corresponderá ao Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos:

- a) Se basen en insuficiencia ou inadecuación de crédito.
- b) Se refiran a obrigacións ou gastos cuxa aprobación sexa da súa competencia.

A resolución da discrepancia por parte do Presidente ou o Pleno será indelegable, deberá recaer no prazo de quince días e terá natureza executiva.

3. As discrepancias expóranse no prazo de quince días desde a recepción do reparo, ao Presidente ou ao Pleno da Entidade Local, segundo corresponda, e, no seu caso, a través dos Presidentes ou máximos responsables dos organismos autónomos locais, e organismos públicos nos que se realice a función interventora, para a súa inclusión obrigatoria, e nun punto independente, na orde do día da correspondente sesión plenaria.

A discrepancia deberá ser motivada por escrito, con cita dos preceptos legais nos que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia, en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control.

4. O Presidente da Entidade e o Pleno, a través do citado Presidente, previamente á resolución das discrepancias, poderán elevar resolución das discrepancias a Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

A tales efectos, o Presidente remitirá proposta motivada de resolución da discrepancia directamente á Intervención Xeral da Administración do Estado, concretando o extremo ou extremos acerca dos que solicita valoración. Xunto á discrepancia deberá remitirse o expediente completo. Cando o Presidente ou o Pleno fagan uso desta facultade deberán comunicalo ao órgano interventor e demais partes interesadas.

